

Resolución do 26 de xullo de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2022/23, convocada pola resolución do 7 de xuño de 2022 (Diario Oficial de Galicia n.º 117, do 20 de xuño)

No Diario Oficial de Galicia n.º 117, do 20 de xuño de 2022, publicouse a Resolución do 7 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2022/23 entre o persoal docente pertencente aos corpos catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (código de procedemento ED002B).

Nos apartados terceiro e cuarto da dita resolución establécense respectivamente que, unha vez publicadas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar e do persoal docente interino e substituto excluído, concederáse un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva do persoal docente que ten a obriga de participar e a lista definitiva de persoal docente interino e substituto excluído. A data previsible de publicación da lista definitiva é o 26 de xullo de 2022.

Con base nos citados apartados, e logo de revisadas as reclamacións, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

#### RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e facer públicas as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2022/2023 (Anexo I-Primaria, e Anexo II-Secundaria e outros), convocada pola resolución do 7 de xuño de 2022 (DOG n.º 117, do 20 de xuño), por lista única cando proceda, e por especialidade, orde de prioridade e por colectivo.

Segundo.- Aprobar e facer públicas as relacións definitivas do persoal docente interino e substituto excluído das listas de obrigados a participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2022/2023 (Anexo III-Primaria e Anexo IV-Secundaria e outros), por algunha das causas da perda do dereito á permanencia nas listas de chamamentos previstas no Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, e publicado no texto refundido mediante a resolución do 28 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, así como ao persoal pertencente ás listas do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) que non tivese acreditado, dentro do prazo concedido no trámite de audiencia realizado para estes efectos, posuír a titulación acreditativa da formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

Terceiro. Aprobar e facer públicas, no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/substitutoslistas/>, nas anteditas relacións definitivas de persoal docente interino e substituto excluído das listas de obrigados a participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2022/2023 ao persoal que,



en aplicación do Acordo do 8 de outubro de 2020 polo que se engadiu unha disposición transitoria segunda ao citado Acordo de 20 de xuño de 1995, accedeu ás listas de substitucións sen posuír a formación pedagóxica e didáctica esixible, toda vez que deixaron de concorrer as circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia xerada pola covid-19 que motivaron o seu nomeamento.

Cuarto. Contra esta resolución o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade co Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa..

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

